

Liñas prioritarias de actuación da B.E. para o curso 2013-2014
Biblioteca Escolar "Florencio Delgado Gurriarán"
Ceip Condessa de Fenosa
O Barco de Valdeorras
(Ourense)

Actuacións en relación coa organización e xestión

Un ano máis foinos imposible realizar a separación das dúas salas da biblioteca, proxecto no que levamos embarcados dous cursos. As carpinterías locais non se deciden a facelo, quizais porque implica un cambio de lugar dun radiador, así que cara o ano que vén teremos que seguir tentando esta separación, necesaria para a correcta delimitación de actividades nalgúns franxas horarias. Neste sentido imos ter que cambiar, quizais, o proxecto inicial e cambiar a porta corredeira que tantos problemas causa e substituíla por unha encartable.

Noutro orde de cousas, e tras a renovación dos mobles da biblioteca quedaron sen pintar coas cores da CDU os distintos andeis, co que se perde unha cantidade significativa de información sobre a colocación dos libros na biblioteca. Dado que traballamos na formación de usuarios a CDU relacionada coas cores pensamos que debemos retomar a idea inicial de pintar o frontal dos andeis que, nun principio desbotamos para ver que tal se desenvolvía o alumnado.

Tamén teremos que esforzarnos en conseguir máis tempo para as **tarefas de catalogación** das novas adquisicións bibliográficas, que teñen un certo retardo, esperando sempre a períodos de vacacións para a posta ao día do catálogo. Resulta necesario adicar un tempo semanal fixo para estas tarefas polo que haberá que traballar na organización do centro para acadar un mínimo de horas nas que desenvolver estas tarefas tan necesarias.

Continuaremos como ata o de agora co traballo dos **axudantes de biblioteca**, traballo moi interesante polo que ten de implicación do alumnado na xestión deste noso recurso, sen embargo, teremos que realizar actividades de formación ao comezo do curso para familiarizar aos novos axudantes no manexo do programa de xestión.

Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Continuaremos na liña de manter actividades xa postas en marcha na nosa biblioteca e que teñen un nivel de aceptación importante e teñen demostrado ser eficaces, como son a edición dun **boletín da biblioteca**, **recomendacións de lecturas** tanto dende o blogue e a páxina web como en edicións en papel específicas para determinados temas, o mantemento do **blogue** e a promoción dos comentarios nel, e, por último actividades como a **hora dos deberes**, coa que se tenta facilitar a realización de tarefas de investigación e de reforzo, encargadas dende as aulas.

Noutro orde de cousas a Biblioteca ten colaborado na elaboración dos **programas contrato** de mellora da escritura, lectura e cálculo que se concertaron entre este colexio e a administración, e é a nosa intención fortalecer esa colaboración no vindeiro curso seguros de que este tipo de actividades están a contribuír na mellora das competencias lectoras e escritoras do alumnado.

Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental)

Tamén neste apartado tentaremos seguir unha liña de continuidade coas actividades desenvolvidas no curso actual e nos anteriores. A elaboración de miniwebquests, paquetes de actividades con LIM ou Jclíc, para o traballo das visitas escolares á contorna do colexio ou para celebracións de efemérides, e, tamén para a propia **formación de usuarios** da biblioteca e o coñecemento da súa organización e recursos.

No tocante ao **proxecto documental**, rematado o traballo sobre a paisaxe pensamos, e para iso convocamos e aprobamos xunto ao ENL e á Axenda21, levar adiante un proxecto de investigación sobre a historia de determinados edificios senlleiros da localidade a nivel histórico, industrial ou institucional e, elaborar unha web que no marco da realidade aumentada, usando códigos QR, poida ofrecer información aos visitantes sobre a localidade. Neste proxecto tentaremos implicar ao propio concello do Barco, tanto no marco orzamentario (para a elaboración dos carteis cos códigos) como a nivel lóxico (colocación dos carteis nos lugares apropiados).

Pensamos que un proxecto deste tipo, que transcende o ámbito escolar e implica ao colexio coa contorna, pode ser moi interesante e abrir novas vías de traballo e colaboración coas institucións locais, a máis de supoñer un salto cualitativo no uso das tecnoloxías.

A **olimpíada do saber**, que ano tras ano colleita éxitos de participación, volverá ter unha nova edición, desta

volta relacionado co Mundial de Fútbol de Brasil, no que aproveitaremos para estudar un país relacionado connosco a nivel lingüístico, e posuidor de marabillas naturais.

Os **Axudantes da biblioteca**, como xa se comentou no apartado anterior, son un dos elementos que valoramos enormemente da nosa biblioteca. Para a mellora do seu funcionamento pensamos poñer en marcha actividades de formación específicas para @s nos@s voluntari@s no tocante á capacitación no manexo do programa de xestión, que se desenvolverán nos primeiros días do próximo curso, unha vez que teñamos a listaxe de voluntari@s.

No tocante á dotación de **ordenadores** da biblioteca, seguimos contando con catro unidades para uso do alumnado e dous para tarefas da biblioteca (un para xestión e outro para audiovisuais), nun número que nos parece suficiente.

Tiñamos como obxectivo, que non puidemos realizar dada a enorme cantidade de traballo acumulada, a creación duns **marcadores organizados pola CDU**, e que retomaremos no próximo curso. Tamén queremos que eses marcadores estean dispoñibles nos ordenadores da sala de informática, e, a poder ser, nos equipamentos Abalar de 5º e 6º curso.

Tamén teremos que incluír nas actividades de formación de usuarios o uso das **procuras no catálogo**, accesible dende a web da biblioteca grazas ao servidor apache da consellería. A realidade é que a meirande parte das consultas se realizan dende o ordenador de xestión e queremos que os alumnos e alumnas sexan quen de autonomamente realízalos dende os ordenadores que teñen á súa disposición na sala.

Por último sinalar que de cara ao comezo do curso que vén imos poñer en marcha o proxecto de **clubes de lectura con libros electrónicos**. O noso centro foi seleccionado para poñer en marcha o proxecto ELBE da consellería e durante este curso, dende que recibimos os equipamentos, traballamos na configuración dos mesmos, e, sobre todo, en discutir como se ía deseñar o seu uso para o vindeiro curso. Dadas as dificultades burocráticas para a adquisición de títulos decidimos comezar con obras de dominio público, polo que estamos traballando nunha selección das mesmas que serán as que se comecen a ler no mes de outubro. Previamente teremos que realizar **actividades de formación** para capacitar ao alumnado participante no manexo destes lectores electrónicos.

Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro

Como en cursos anteriores continuaremos coas actividades xa postas en marcha e que teñen dado bos resultados, como o **Programa de Lectura Silenciosa**, incluíndo nesta actividade dun xeito permanente, a **Lectura dos Venres**, actividade na que cada clase semanalmente despraza aos seus alumnos ao resto do colexio para ler en voz alta poemas de autores galegos. Neste ano realizáronse lecturas de Florencio Delgado Gurriarán, Rosalía de Castro e outros autores.

Asemade seguiremos realizando **Suxestións de lectura** periódicas a maiores das que se coloquen nos Barquiños, xa que este ano realizamos unha que tivo moi boa acollida, **exposicións de libros**, tanto de novidades como temáticas, **recomendacións de lecturas** gravadas en vídeo e colgadas no blogue, e **libros descolocados** situados fóra dos andeis para incentivar a curiosidade dos usuarios.

Outras actividades, como son **Vaille co conto ao profe** e **Os martes... conto**, con resultados que seguen sendo moi satisfactorios continuarán co mesmo modelo de organización. Tamén faremos o propio co **obradoiro de contacontos de pais/nais** que deu uns resultados altamente positivos, sobre todo polo que atinxe á participación e implicación das familias no desenvolvemento lector dos seus fillos. Como reforzo desta actividade temos desenvolvida unha política de adquisición de fondos de libros con pop-ups moi motivadores e que este ano tiveron unha moi boa acollida.

Con respecto ao ano pasados os **clubes de lectura e clubes de escritura** recuperaron a participación que viña sendo habitual e que esperamos manter de cara ao curso que vén. No que se refire aos clubes de lectura sinalar, como xa falamos, da posta en marcha dun club de lectura en **dispositivos electrónicos**, o que, dependendo do número de participantes, pode levar a que fagamos un investimento para adquirir algún equipo máis.

Con respecto dos clubes de escritura sinalar que neste ano traballamos, dentro do proxecto **Kamishibai-Galicia**, na realización de obras deste teatro tradicional xaponés, que logo foron paseadas polas diferentes aulas polos participantes no club, resultando unha actividade moi motivadora que esperamos repetir nesta nova andaina, e que combina moi ben coa nosa idea dos **contacontos dos maiores**, que podemos deseñar como unha actividade de exposición dos traballos realizados cunha certa periodicidade. Tamén nos clubs de escritura traballamos a **realización de curtas de animación**, como se reflicte na memoria deste ano, e que traballaremos de novo de cara ao ano próximo, xa que valoramos moi positivamente o traballo necesario para a súa realización (creación dun guión, realización do storyboard, manexo do programa -domonation-, difusión na rede).

No tocante ás tarefas de **tradutores da galipedia** que este ano non se levou adiante polas razóns que se expuxeron na memoria, e que fundamentalmente se refiren ao feito de que os artigos solicitados pola comunidade excedían a capacidade do noso alumnado, procuraremos ter contactos cos administradores da Galipedia para que nos asignen traballos dun nivel axeitado ao alumnado. Seguimos considerando esta actividade como moi interesante, e, de feito, temos realizado algunha tradución, por parte do profesorado como proba, que consideramos altamente satisfactoria e que despertou o interese dos alumnos que

puideron ver como o artigo en cuestión aparecía na popular enciclopedia.

O **clube de lectura de mestres**, quizais ampliado aos pais, será unha das propostas que tentaremos poñer en marcha para o próximo curso, dado que neste curso non tivemos posibilidades de poñelo en marcha, aínda que tamén valoramos a posibilidade de integrarnos no club de lectura do Instituto Martaguisela que ten un en funcionamento. Cremos que esta posibilidade, de integrarnos, e xa que logo, ter unha actividade conxunta con outro centro da localidade pode ser unha moi boa experiencia.

O **Proxecto Lector do centro** por fin está revisado, discutido por todo o claustro e aprobado. Agora teremos que difundilo entre o profesorado que chegue novo ao centro, e, entre todos poñelo en marcha, non tanto nas actividades nas que a biblioteca estea implicada directamente se non na práctica cotián nas clases.

Outras actuacións

A **Web da biblioteca** neste curso seguiu aportando recursos, fundamentalmente dende a páxina de proxectos, como ocorría en cursos pasados, pero debemos acometer a reforma da páxina de enlaces e recursos, quizais cun formato máis dinámico, como pode ser un Simbaloo ou algún recurso semellante.

A actividade do **Mercadiño de Intercambio de Libros** séguese impoñendo como unha das actividades máis participativas e mellor valoradas polo alumnado. Daquela imos continuar con ela como un dos xeitos de celebrarmos o día do libro, xunto a outras actividades como a **lectura no comedor**, onde recollendo a tradición dos refectorios monacais medievais, oímos lecturas mentres xantamos, actividade esta que quizais se podería estender a unha sesión mensual.

Os **expurgos** de material deteriorado nos deberían permitir ter a colección nun estado de conservación aceptable, polo que debemos estar atentos, non só á realización dunha escolla extraordinaria, se non que no funcionamento cotián retirar aqueles títulos que mostren signos de deterioro que fagan pouco atractiva a súa lectura.

Criterios e procedementos de avaliación

Pensamos que os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos, e polo tanto teremos que os manter. Queremos seguir avaliando constantemente a nosa actividade, introducindo as modificacións oportunas en canto sexan detectados fallos, sen ter que esperar a unha avaliación final. Tamén queremos manter un contacto constante ao través dos equipos de ciclo coas sensibilidades distintas dentro do centro, facéndonos eco das suxestións que xurdan nesas reunións e mesmo incitando as críticas e os aportes enriquecedores.

En todo caso, do mesmo xeito que o ano pasado, como proceso final da avaliación tentaremos valorar unha serie de indicadores que poden informarnos do proceso final do noso traballo, como son:

- Número de empréstanos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula.
- Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura
- Participación en distintas actividades (Olimpíada do saber, concursos, vaille co conto...)
- Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca
- Número de visitas ao blogue
- Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
- Calidade dos traballos realizados

Tamén queremos comezar este ano a empregar a **ferramenta de avaliación de bibliotecas escolares** se ben non en toda a súa extensión, se non adicando cada ano a realizar unha análise dun determinado aspecto da biblioteca. Valoramos como moi necesarias as suxestións de mellora que o emprego desta ferramenta, claramente obxectiva, nos pode proporcionar ao equipo da Biblioteca.

Persoa designada como responsable/dinamizador da Biblioteca Escolar.

A persoa que se responsabilizará da marcha da Biblioteca é Xoaquín Freixeiro Alvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de ter un grupo moi estable de Apoio á Biblioteca que permite garantir a continuidade do traballo ano tras ano, poñendo rapidamente as actividades en marcha, con moitísima profesionalidade e entusiasmo.

O Responsable da biblioteca

Vº Bº da Dirección

Xoaquín Freixeiro Alvarez

Francisco Pérez Lemos